

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0224	Sistemas operativos en rede	2024/2025	9	157	188

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ÓSCAR JORGE RIVAS VIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de "Sistemas operativos en rede" impártese no segundo curso do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en sistemas microinformáticos e redes, e contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de instalación e mantemento de sistemas operativos en rede.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Procesos de instalación e actualización de sistemas operativos en rede para o seu uso en sistemas microinformáticos.
- Uso da funcionalidade do sistema microinformático mediante as ferramentas do sistema operativo en rede.
- Control e seguimento da actividade e do rendemento do sistema operativo en rede.
- Xestión dos recursos compartidos do sistema operativo en redes homoxéneas e heteroxéneas.
- Xestión de usuarios e grupos, así como os seus perfís e os seus permisos.
- Uso de mecanismos de virtualización para a realización de probas.

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o centro educativo IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenvolven en canto a espazos, instalacións, alumado, etc. Os obxectivos xerais e competencias do módulo están descritos no currículo do ciclo: <https://www.edu.xunta.gal/fp/curriculos>

Para a consecución destes obxectivos, desenvolveranse na aula virtual do IES San Clemente (<https://mestre.iessanclemente.net>) as unidades didácticas do presente programa. O alumnado contará nas aulas co equipamento necesario (conexión a internet, ordenador, impresora, ...) o que lle permitirá acceder a tódolos recursos formativos dispoñibles: documentación elaborada polo docente, manuais, vídeos de axuda, etc.

O IES San Clemente atópase situado na cidade de Santiago de Compostela. O alumnado do réxime ordinario procede principalmente no propio municipio de Compostela e dos da bisbarra e zona de influencia (Ames, Santa Comba, Negreira, Noia, Boqueixon, Vedra, Oroso ou Teo). No contorno do centro existen numerosas empresas de servizos informáticos que acollen á gran maioría do alumnado do ciclo para a Formación en Centros de Traballo e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación de sistemas operativos en rede.	Aprenderás as vantaxes do uso de máquinas virtuais, instalación do software necesario e utilízalas, para despois instalar Windows (cliente e servidor) e distribución GNU/Linux.	27	15
2	Active Directory e xestión de dominios.	Afondarás na implementación do Active Directory. Aprenderás a instalar e configurar Active Directory en varios controladores de dominio. Xestión de dominio, árbores e bosques de dominio.	31	15
3	Xestión de usuarios, grupos e equipos.	Aprenderás a xestionar as contas de usuarios de Active Directory e establecer diferentes perfís. Verás como organizar os elementos dun dominio con exemplos de organización de usuarios, grupos e equipos.	36	20

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Xestión de recursos compartidos en Windows Server.	Aprenderás a compartir recursos entre os diferentes ordenadores dunha rede prestando atención ás medidas de seguridade.	31	15
5	Integración de Windows Server e GNU/Linux.	Aprenderás a configurar e utilizar redes heteroxéneas con equipos GNU/Linux e Windows.	36	20
6	Monitorización e uso do sistema operativo.	Aprenderás a obter información sobre o rendemento do sistema e realizar axustes que optimicen o rendemento en Windows e GNU/Linux.	27	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación de sistemas operativos en rede.	27

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala e describe as características de sistemas operativos en rede, para o que interpreta a documentación técnica.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Realizouse o estudo de compatibilidade do sistema informático.
CA1.2 Diferenciáronse os modos de instalación.
CA1.3 Analizáronse os manuais do sistema.
CA1.4 Planificouse e realizouse a partición do disco do servidor.
CA1.5 Seleccionáronse e aplicáronse os sistemas de ficheiros.
CA1.6 Seleccionáronse os compoñentes para instalar.

Criterios de avaliación
CA1.7 Instaláronse sistemas operativos en rede libres e propietarios.
CA1.8 Aplicáronse procedementos para a automatización de instalacións.
CA1.9 Instaláronse os controladores de dispositivo necesarios.
CA1.10 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno persoal.
CA1.11 Actualizouse o sistema operativo en rede.
CA1.12 Realizouse a configuración para a actualización periódica do sistema operativo.
CA1.13 Comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos clientes.
CA1.14 Documentouse a instalación do sistema operativo en rede e as incidencias que xurdiran no proceso.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Comprobación dos requisitos técnicos.</p> <p>Preparación da instalación. Particións e sistema de ficheiros.</p> <p>Métodos e automatización da instalación.</p> <p>Personalización do contorno de usuario.</p> <p>Actualización do sistema operativo en rede.</p> <p>Elaboración de documentación sobre a instalación e as incidencias xurdidas no proceso.</p> <p>Instalación de sistemas operativos en rede en máquinas virtuais.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Active Directory e xestión de dominios.	31

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza tarefas de xestión sobre dominios, para o que identifica necesidades e aplica ferramentas de administración específicas.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase a función do servizo de directorio, os seus elementos e a súa nomenclatura.
CA3.2 Recoñeceuse o concepto de dominio e as súas funcións.
CA3.3 Establecéronse relacións de confianza entre dominios.
CA3.4 Analizouse a estrutura do servizo de directorio.
CA3.5 Realizouse a instalación do servizo de directorio.
CA3.6 Realizouse a configuración básica do servizo de directorio.
CA3.7 Utilizáronse agrupacións de elementos para a creación de modelos administrativos.
CA3.8 Utilizáronse ferramentas de administración de dominios.
CA3.9 Traballouse en grupo para comprobar a aplicación en rede dos dominios e dos servizos de directorio.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Servizo de directorio e dominio.
Delegación da administración.
Elementos do servizo de directorio.

Contidos
<p>Funcións do dominio.</p> <p>Instalación dun servizo de directorio: configuración básica.</p> <p>Creación de dominios.</p> <p>Obxectos que administra un dominio: usuarios globais, grupos, equipamentos, etc.</p> <p>Creación de relacións de confianza entre dominios.</p> <p>Creación de agrupacións de elementos: nomenclatura.</p> <p>Utilización de ferramentas de administración de dominios.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de usuarios, grupos e equipos.	36

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona usuarios e grupos de sistemas operativos en rede, para o que interpreta especificacións e aplica ferramentas do sistema.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Configúranse e xestionáronse contas e perfís de usuario.
CA2.2 Configúranse e xestionáronse contas de sistema.
CA2.3 Distinguíuse o propósito dos grupos, os seus tipos e os seus ámbitos.
CA2.4 Configúranse e xestionáronse grupos.

Criterios de avaliación
CA2.5 Xestionouse a pertenza de usuarios a grupos.
CA2.6 Identificáronse as características de usuarios e grupos predeterminados e especiais.
CA2.7 Planificáronse perfís móbiles de usuarios.
CA2.8 Utilizáronse ferramentas para a administración de usuarios e grupos, incluídas no sistema operativo en rede.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Conta de usuario e de grupo.</p> <p>Tipos de perfís de usuario: perfís móbiles.</p> <p>Xestión de grupos: tipos e ámbitos; propiedades; estratexias de uso.</p> <p>Usuarios, e grupos predeterminados e especiais do sistema.</p> <p>Contas de usuario: patróns.</p> <p>Contas de sistema.</p>

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión de recursos compartidos en Windows Server.	31

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona os recursos compartidos do sistema, para o que interpreta especificacións e determina niveis de seguridade.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a diferenza entre permiso e dereito.
CA4.2 Identifícanse os recursos do sistema que se vaian compartir, e en que condicións.
CA4.3 Asignáronselles permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir.
CA4.4 Compartíronse impresoras en rede.
CA4.5 Utilizouse o contorno gráfico para compartir recursos.
CA4.6 Establecéronse niveis de seguridade para controlar o acceso do cliente aos recursos compartidos en rede.
CA4.7 Traballouse en grupo para comprobar o acceso aos recursos compartidos do sistema.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Permisos e dereitos. Compartición de ficheiros e directorios a través da rede. Configuración de permisos de recurso compartido. Configuración de impresoras compartidas en rede. Seguridade no acceso aos recursos compartidos. Uso en redes homoxéneas.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Integración de Windows Server e GNU/Linux.	36



**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza tarefas de integración de sistemas operativos libres e propietarios, para o que utiliza as ferramentas incluídas nos sistemas e instala software específico.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Identificouse a necesidade de compartir recursos en rede entre varios sistemas operativos.
CA6.2 Comprobouse a conectividade da rede nun escenario heteroxéneo.
CA6.3 Describiuse a funcionalidade dos servizos que permiten compartir recursos en rede.
CA6.4 Instaláronse e configuráronse servizos para compartir recursos en rede.
CA6.5 Accedeuse a sistemas de ficheiros en rede desde equipamentos con diferentes sistemas operativos.
CA6.6 Accedeuse a impresoras en rede desde equipamentos con diferentes sistemas operativos.
CA6.7 Establecéronse niveis de seguridade para controlar o acceso do usuario aos recursos compartidos en rede.
CA6.8 Instaláronse e aseguráronse servizos para permitir o acceso remoto ao sistema.
CA6.9 Realizáronse tarefas administrativas de xeito remoto utilizando terminais gráficos para o acceso ao sistema.
CA6.10 Traballouse en grupo para comprobar o funcionamento dos servizos instalados.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Descrición de escenarios heteroxéneos.
Instalación, configuración e uso de servizos de rede para compartir recursos.

Contidos
Configuración de recursos compartidos en rede.
Seguridade dos recursos compartidos en rede.
Terminais gráficos para acceso remoto.
uso en redes heteroxéneas.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Monitorización e uso do sistema operativo.	27

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza tarefas de monitorización e uso do sistema operativo en rede utilizando as ferramentas axeitadas, e identifica as principais incidencias.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense as características dos programas de monitorización.
CA5.2 Identifícaronse problemas de rendemento nos dispositivos de almacenaxe.
CA5.3 Observouse a actividade do sistema operativo en rede a partir das trazas xeradas polo propio sistema.
CA5.4 Realizáronse tarefas de mantemento do software instalado no sistema.
CA5.5 Executáronse operacións para a automatización de tarefas do sistema.
CA5.6 Interpretouse a información de configuración do sistema operativo en rede.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Arranque do sistema operativo en rede.
Descrición dos fallos producidos no arranque e as posibles solucións.
Uso de ferramentas para o control e o seguimento do rendemento do sistema operativo en rede.
Xestión de discos: cotas.
Xestión dos procesos relativos aos servizos do sistema operativo en rede.
Automatización das tarefas do sistema.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación farase por avaliacións (primeira e segunda), polo que será preciso aprobar as dúas avaliacións para superar con éxito o módulo. En caso de non superar algunha das avaliacións trimestrais, será necesario recuperar a parte correspondente no exame final do mes de xuño.

O traballo a desenvolver polo alumnado consiste en tarefas individuais e un exame (proba teórico - práctica) individual.

As tarefas califícanse con apto / non apto. Para poder superar a avaliación é obrigatorio obter un Apto en todas as tarefas.

Se algunha das tarefas da avaliación non é superada. A nota máxima no boletín será un 4 (independentemente da nota do exame).

A calificación de cada avaliación estará composta por a calificación das tarefas que se pidan entregar nela (deben ser todas aptas) e a calificación dun exame de cada avaliación:

a).- Exame teórico-práctico en cada trimestre:

\* A nota do exame será entre 0 e 10.

\* O exame constará de tantos apartados, tantos como unidades didácticas se traballasen na avaliación.

\* Os pesos dos apartados e das partes das unidades didácticas e indicárase ao comezo do exame.

\* Non se poderá deixar as preguntas dunha unidade didáctica en branco ou contestar erróneamente máis de 2/3 do total da parte de cada unidade. Xa que deberá acadarse un mínimo de 1/3 da nota máxima da parte de cada unidade didáctica para poder superala.

\* Se se detecta que o alumno copiou o exame, parcialmente ou totalmente, a puntuación do exame será 0 puntos.

\* Aprobar o exame liberará de volver a examinarse da materia no exame final.

b).- Unha tarefa por cada unidade didáctica.

- \* En cada avaliación entregaranse as tarefas que se pidan por cada unidade (típicamente 3).
- \* Todas as tarefas deberán acadar unha calificación de Apto para poder superar a avaliación.
- \* Caso de non entregarse no período de tempo establecido valoraranse como NON Apta.
- \* Se se detecta que o alumno copiou a tarefa, sexa de forma parcialmente ou totalmente, a puntuación será Non Apta.

#### CALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

Obterase a partir da calificación do exame, aplicando o correspondente redondeo ao enteiro máis próximo, sempre que se acaden os mínimos esixibles, en caso contrario a máxima calificación da avaliación será un 4.

- \* É imprescindible ter no exame máis de 1/3 da nota en cada unha das partes de cada unidade didáctica para poder superar a avaliación. En caso contrario a nota máxima da avaliación será un 4.
- \* É imprescindible acadar como mínimo un 5 sobre 10 na nota do exame, e obter un Apto en todas as tarefas para superar a avaliación. En caso contrari a nota máxima da avaliación será un 4.
- \* A nota final da avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 redondeando a nota da proba escrita, sempre que se obteña no exame unha calificación de 5 ou superior, e se obteña un APTO en todas as tarefas da avaliación.
- \* Se a nota con decimais non chega a 5,00 a nota máxima no boletín de notas será 4.

#### EXAME FINAL

- \* Realizarase unha proba final no mes de xuño á que acudirá o alumnado que non superou algunha das dúas avaliacións.
- \* A proba dividirase en dúas partes, unha por cada avaliación.
- \* En cada parte examínase de tódalas unidades didácticas de cada avaliación, foran ou non superadas nos exames parciais anteriores.
- \* Permitirase manter a nota das avaliacións superadas.

#### NOTA FINAL DO CURSO

- \* Calcularase como a media ponderada das notas das dúas avaliacións con decimais (antes de redondealas). A ponderación indícarase ós alumnos na Aula Virtual e corresponderá o traballo desenvolvido en cada unha delas.
- \* Será o valor enteiro entre 1 e 10 máis próximo á nota media.
- \* É imprescindible ter aprobado as dúas avaliacións, no caso de ter unha avaliación suspensa a nota final non poderá ser maior de 4.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o terceiro trimestre, mentres os compañeiros realiza a formación en centros de traballo (FCT), o alumnado que non superase o módulo realizará actividades de recuperación. Para o alumnado que non puidese entregar as tarefas a tempo, ou o fixera con unha nota baixa, deixárase a posibilidade de entregalas de novo durante este tempo. Independente da nota, tódolos alumnos poderán realizar actividades relacionadas coas unidades didácticas das avaliacións suspensas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua por superar o 10% de faltas de asistencia non xustificadas realizará unha proba final no mes de xuño, coincidindo co exame final do módulo.

\*Nesta exame será examinado de todo o curso, independentemente de ter superado algunha avaliación antes da perda do dereito á avaliación continua.

\* A proba dividirase en dúas partes, unha por cada avaliación, e deberase superar as dúas.

\* En cada parte avaliarase tódalas unidades didácticas de cada avaliación, debendo acadar unha nota mínima de 1/3 dos puntos de cada UD.

\* Non se entregaran de novo as tarefas e non formaran parte da nota final.

\* No caso de non chegar á nota mínima na parte correspondente a unha das unidades didácticas, a nota final non poderá ser maior a 4.

Para superar o módulo deberá acadar unha nota de 5 sobre 10 na proba extraordinaria, acadando o mínimo de 1/3 en cada UD.

A nota final será o valor enteiro entre 1 e 10, o máis próximo á nota da proba extraordinaria.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso irase actualizando, revisando e modificando a programación, sobre todo nas actividades propostas e na duración das mesmas. Avaliarase a práctica docente tendo en conta a interacción co alumnado e os resultados que se obteñen. Na aplicación de programacións (<https://www.edu.xunta.gal/programacions>) deixárase indicado no apartado de seguimento o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

En reunión de departamento, cunha frecuencia mínima mensual, revisarase o cumprimento da programación e se corraxirá o que se estime oportuno: secuenciación/temporalización de actividades, substitución de actividades por outras, etc.

Tamén revisarase a coordinación co resto do equipo docente do grupo. Cara o curso académico seguinte, a programación reflectirá as correccións feitas froito do traballo anterior.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Trátase dun módulo de segundo curso onde a maior parte do alumnado realizou o primeiro curso no réxime presencial no propio IES San Clemente e teñen cursado todos os módulos de primeiro.

Nas primeiras semanas do curso realizaranse as seguintes comprobacións:

- \* Estudo do expediente académico do alumnado para coñecer os alumnos/as co módulo de Sistemas Operativos Monoposto ou o módulo Redes Locais pendente.
- \* Prestar especial atención ao alumnado procedente de outros centros.
- \* Consultar co titor/a do e co Departamento de Orientación polo alumnado con informes en cursos anteriores e con necesidades especiais.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Coa denominación de necesidades educativas específicas préstase especial atención ao alumnado estranxeiro, superdotado intelectualmente e con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos.

Terase en conta que a lexislación vixente indica explicitamente que a metodoloxía (flexible, adaptada as circunstancias persoais e favorecedora da autoaprendizaxe) a utilizar ha de ser acorde ás circunstancias persoais do alumnado.

O departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado do centro. Para isto manterase contacto cos profesores tutores e coas nais, pais ou as persoas que teñan a tutoría legal do alumnado menor de idade.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Durante as sesións de clase terase en conta o fomento dos valores necesarios para unha boa convivencia, tales como:

- \* Igualdade de xénero.
- \* Educación medioambiental, aforro enerxético e reutilización de recursos.
- \* Respecto polos recursos dispoñibles na aula.
- \* Hixiene persoal e limpeza da aula.

- \* Medidas de seguridade.
- \* Puntualidade e asistencia.

Tamén se recordarán ao alumnado as conmemoracións que se produzan ao longo do curso, fomentando a participación nas actividades do IES San Clemente relacionadas con:

- \* 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- \* 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- \* 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- \* A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- \* 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- \* 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- \* 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- \* 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- \* 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- \* 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- \* A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- \* 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- \* 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- \* A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- \* 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- \* 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- \* A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- \* 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e todas as actividades propostas polo Departamento de Informática, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ou o Obradoiro de Igualdade.

Ofreceráse ao alumnado a posibilidade e asistir a competicións como o GaliciaSkills, conferencias e seminarios que vaian xurdindo no ámbito educativo e social e sexan consideradas de interese polo Departamento

de Informática ou o equipo docente do ciclo.